

*Os ríos pasan cheos de Deus,
Poesía relixiosa en galego,*

Victorino Pérez Prieto (ed.),
ed. Toxos Outos, Noia, 2007, 275 pp.

É esta que nos ocupa a primeira antoloxía de poesía relixiosa en galego publicada no noso país. Esta afirmación non deixa de ser sorprendente nunha terra onde as manifestacións líricas relixiosas son tan abundantes, sobre todo no eido do cancionero popular, onde as cancións dedicadas a santos, virxes e lugares de romaría son moeda corrente.

A de Victorino Pérez Prieto é, no tanto, unha escolma da poesía chamada tradicionalmente culta. El mesmo afirma con xustiza que toda antoloxía é sempre subxectiva, realizada con criterios que poderían ser outros, pero dos que forzosamente saíria unha escolma diferente. Na súa moi interesante e ben documentada introducción, Pérez Prieto establece os criterios para realizar a escolla: a calidade literaria, sempre digna; a calidade relixiosa, ben desde unha posición de crente ou nunha tendencia de busca de Deus; e o carácter de oración, de fonda reflexión sobre cuestións humanas transcendentais. Non hai dúbida de que os tres criterios están presentes en todos os poemas do libro.

Como se precisa na introducción, a antoloxía está dividida en dúas

partes, sendo a primeira máis heteroxénea e dilatada no tempo que a segunda. É a parte que el denomina *Os clásicos galego-portugueses* e que comeza cun dos maiores monumentos da poesía relixiosa medieval europea: As Cantigas de Santa María, de Alfonso X o Sabio. Continúa con outros grandes autores medievais galego-portugueses, como Bernal de Bonaval ou Pai Gómez Charinho, con mostras de poesía considerada "profana" pero que fan referencia explícita á divindade. Logo chegan os séculos escuros que o antólogo tenta de colmar con poesía de autores portugueses. Pérez Prieto afirma o seguinte na súa introducción: "...escollemos unha representación da poesía feita en Portugal entre os séculos XV-XIX (máis dunha ducia de autores), anos escuros da lingua en Galicia. Pareceunos particularmente importante a inserción destes textos na nosa antoloxía, porque cobren o longuísimoo espazo histórico entre a poesía medieval e o século XIX, co Rexurdimento".

Desde Antonio María Castro y Neira xa só se antologarán poemas de autores galegos. Nesta primeira parte aparecen os nosos clásicos, Valladares, Rosalía de Castro, Pondal, Curros, Álvarez Blázquez

ou Manuel María, nos que xa vemos unhas manifestacións relixiosas que non responden ao canon cristián e seguen vías máis individuais. Isto continuará acentuándose na segunda parte da antoloxía. Victorino Pérez Prieto titúlala *As e os poetas galegos contemporáneos* e xa vemos que profundizan nunha manifestación máis persoal da relixiosidade. É importante salientar a presentación de Xesús Portas Ferro, que realiza unha profunda e lúcida reflexión sobre o significado complexo da relación entre poesía e relixión e que o lector non debe pasar por alto.

A segunda parte da antoloxía é a proba evidente da vitalidade da

poesía actual e de que os seus autores seguen considerando a vertente relixiosa ou transcendente como un aspecto esencial da expresión lírica en Galicia. Son trinta os autores antologados e serían máis, probablemente, de non estar Pérez Prieto limitado en número de páxinas. O abano é suficiente, no tanto, para completar unha antoloxía ben equilibrada e coherente cos criterios establecidos. O lector atopará na mellor disposición para descubrir ou redescubrir poetas de grande interese, para meditar tal vez e en definitiva para gozar da boa poesía.

Xesús Pensado Figueiras

As contas do FORO

Ingresos:	
Recollido no Foro	990,00
Publicidade Caixa Galicia	300,00
Total	1.290,00
Gastos:	
Imprenta	802,72
Materiais (folios, bolígrafos)	30,62
Viaxes-hospedaxe e honorarios relatores	1.588,28
Fotocopias e flores	220,93
Total	2.642,55
Déficit a cubrir pola revista	1.352,55

Respecto do ano pasado, o aporte dos asistentes foi menor (400 euros menos), e aumentaron os gastos dos relatores. E de agradecer a acollida que tódolos anos nos brinda o Auditorio de Galicia, e por suposto, o traballo e desinterese de tódalas persoas que colaboran e nos apoian.

No tocante aos resultados das enquisas, valorouse moi positivamente tanto o tema como o traballo dos relatores, así como a organización. A maior parte da participación chegou chamada pola publicidade na nosa revista. Grazas polas vosas suxestións de temas para vindeiros foros. Terémolas en conta.

Secretaría de Encrucillada